IMPORTANTE - MESA SECTORIAL DE XUSTIZA DE GALICIA 10-11-26 – PORTAZO ÓS NOSOS DEREITOS!!!

Tras meses sen que a DXX dese a cara, a presión sindical logrou que, ó fin este martes 10/11 se convocase mesa sectorial de xustiza, que continuará o vindeiro 24 de novembro dada a importancia e extensión dos temas a tratar e a falta de tempo que impediu tratar múltiples temas da orde do dia. Botamos en falta na orde do día a **CREACIÓN DE EQUIPOS ESTRUCTURAIS** en tódolos Tribunais, mais seguiremos solicitando a súa creación, como así fixemos na Mesa Sectorial, **manifestando o DXX que "está en desacordo coa sua creación" e que "non ten a obriga de crealos"; o anterior conforme ó famoso acordó da Paz Social firmado por algunhas OOSS.**

SPJ-USO non se cansará de demandar equipos estructurais por Ordes Xurisdiccionais nas 7 grandes ciudades, así como no SCXeral, e tamén nos Tribunais de Instancia de 2 ou mais prazas.

A mesa comezou con **horas de retraso**, e avanzouse non seguintes temas: prazo de desfrute de asuntos e vacacións 2026, Orzamentos 2027 e novas prazas, Atenea e pouco mais.

Comezou o DXX cunha introducción a tódolos puntos da orde do dia, explicando sucintamente as suas propostas e posturas. Detallamos os puntos tratados.

SPJ-USO (ÚNICO SINDICATO QUE O SOLICITOU) LOGRA A AMPLIACIÓN DO PRAZO DE DESFRUTE DE ASUNTOS P. E VACACIÓNS 2026 ATA O 31-3-2027

SPJ-USO segue a traballar polos teus dereitos, e pequenos logros como este dannos folgos para seguir traballando polo colectivo. ***FEITOS, non palabras!!!***

A DXX confirma que acolle a nosa reivindicación, e acórdase ampliar ata o 31 de marzo de 2027 o prazo para o desfrute dos días de asuntos particulares e vacacións correspondentes ao ano 2026 do persoal dos Corpos de Médicos Forenses, Xestión, Tramitación e Auxilio Xudicial.

ORZAMENTOS 2027 – CREACIÓN DE PRAZAS E MODIFICACIÓN DAS RPT. DEBEMOS RECOÑECER A VALENTÍA DO DXX PARA TRAER ESTA PROPOSTA "RIDÍCULA" Á MESA!!

As sospeitas de SPJ-USO confirmáronse polo DXX, que propón un pequeño "parche" que en ningún caso é suficiente nin solventa o estado crítico no que se atopa a Xustiza.

SPJ-USO esixiu ne mesa, neste punto además da creación inmediata de reforzos en tanto se tramita a modificación das RPT, unha avaliación seria das necesidades existentes e a convocatoria dunha mesa de traballo ó respecto, solicitando tamén a negociación da modificación da rpt do Imelga tal como ten solicitado por escrito, e a da Oficina Fiscal (conforme a escritos presentados), que además da ampliación de prazas, temos solicitado dita modificación no sentido de acabar coa discriminación que sofren certos postos respecto dos mesmos da Nova Oficina Xudicial, tal como tamén se plantexou na Comisión Mixta do 3-7-2026 por parte da Fiscalía Superior e dos Fiscais Xefes.

O DXX informa que se van crear en 2027 o MÍSERO NÚMERO DE 27 prazas de funcionarios de Xustiza: 6 de Xestión, 19 de Tramitación e 2 de Auxilio, incluíndo os funcionarios para as novas prazas de Xuices e Fiscais…. SEN COMENTARIOS!!!

A distribución das prazas por corpos non é definitiva; o número total de 27 si o é.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO. SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.
A CORUÑA: Roberto 617685531 – José Zas 678473760 FERROL: Manu 678514555 SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422
LUGO: Rodrigo 605739886 OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727 PONTEVEDRA: Nilo 615496257
VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335 Mail spjusogalicia@gmail.com Blogue http://spjusogalicia.com

SPJ Galicia
SINDICATO PROFESIONAL DE JUSTICIA
USO UNIÓN SINDICAL OBRERA
INFORMA

Non debemos esquecer que está prevista e publicada no BOE a creación de 19 novas prazas de Xuiz en Galicia (6 en Pontevedra, 11 en A Coruña, 1 en Lugo e 1 en Ourense), e 7 de Fiscais, un total de 26 PRAZAS, a ratio de menos de un funcionario por xuiz/fiscal fala por si sola….

Di o DXX que o Orzamento para Xustiza sube en 2028 un 10%, e excúsase no Complemento Específico galego e a suba acordada para 2028, así como a Traxectoria Profesional, que lle "levan o orzamento" para excusarse na irresponsable proposta de creación de prazas.

Futura modificación das RPT: Informa o DXX que están valorando unha modificación das rpt, non di en qué termos pero non fala en ningún caso de creación de prazas, porque di que "non pode".

Informa o DXX que "non van a mover a ninguén contra a súa vontade": faltaría mais!!! Deixa caer que cando haxa xubilacións ou similar en servizos que consideren están superdotados, poderían modificar a RPT no sentido de mover esas prazas a servizos infradotados. **Para este xogo que non conten con nós.**

A sobrecarga acabará transformándose nun COLAPSO NA XUSTIZA, do que non seremos partícipes!!! Crear novas prazas xudiciais/fiscais sen dotación de persoal é un sinsentido…

ATENEA – Ó FIN A DXX FALA DE ATENEA – PRIMEIRO IMPLANTAMOS, logo INFORMAMOS…. E DA FORMACIÓN PRESENCIAL IREMOS VENDO… (CAOS!!!)

Informa que Atenea estará plenamente implantado o 1-1-27, data na que se implantará o CONTADOR ÚNICO POR SECCIÓN.

O 28-2 rematan as licenzas que teñen para poder traballar con Minerva.

SPJ-USO solicita unha vez mais FORMACIÓN PRESENCIAL: Di o DXX que haberá formación presencial de ser precisa, non di cándo nin cómo….

Respecto da **versión en galego de Atenea**, manifesta o DXX que se comezará pola xurisdicción civil, e concretamente polo procedemento Monitorio.

TELETRABALLO – O DITO POLO DXX NON TEN DERPERDICIO!!!
O TELETRABALLO É UN DEREITO, E COMO TAL DEBE REGULARSE XA!!!

Afirma o DXX que **incluíu o Teletraballo na orde do día por esixencia dos sindicatos, pero…. "aquí hai un caos terrible" e mentres tanto non pode falar de teletraballo, di. Preguntado di que "eso non o dixo él, que o decimos nós nos medios de comunicación". Non se plantexa o Teletraballo actualmente, e di textualmente "conforme está agora a oficina"….**

SPJ-USO presenta queixa formal e solicita unha RECTIFICACIÓN DA POSTURA DA DXX.

CARREIRA PROFESIONAL – NOVA CONVOCATORIA SOLICITADA POR SPJ-USO PARA PERSOAL QUE NON ACCEDEU A GRAO EN 2024 OU 2025

Tema a tratar na vindeira mesa do 24/11. Remitiremos alegacións por escrito.

Os graos 1, 2 e 3 adquiriranse no corpo en que se teña a condición de funcionario a 31-12-2025, que será a data de cumprimento de requisitos e méritos, e **o cobro será con efectos retroactivos respecto do ano 2026.**

O cobro será en 3 anualidades: 2026 o 35 %; 2027 o 70 % e 2028 o 100 % do valor do grao.

SPJ-USO solicita unha apertura tamén con data 31-12-2026.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO. SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.
A CORUÑA: Roberto 617685531 – José Zas 678473760 FERROL: Manu 678514555 SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422
LUGO: Rodrigo 605739886 OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727 PONTEVEDRA: Nilo 615496257
VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335 Mail spjusogalicia@gmail.com Blogue http://spjusogalicia.com

Galicia | SPJ SINDICATO PROFESIONAL DE JUSTICIA USO UNIÓN SINDICAL OBRERA | INFORMA

REQUISITOS DE ACCESO: Estar en servizo activo ou con reserva de praza no prazo de solicitudes, ter a condición de funcionario no momento de finalización do cumprimento dos requisitos e unha antiguidade de 5, 11 ou 17 anos para os graos 1, 2 ou 3 respectivamente.

Queda excluído o persoal que accedese ao grao anterior na convocatoria de 2024 e 2025.

E cumprir un dos criterios xerais de avaliación, que no caso da formación recibida son 40 horas por cada grao; é decir grado 1 - 40 horas, grado 2 – 80 horas e grado 3 – 120 horas.

RESOLUCIÓN HORARIO 35 HORAS E CALENDARIO LABORAL 2027

Tema a tratar na vindeira mesa do 24/11. Remitiremos alegacións por escrito.

A DXX non oferta na proposta remitida ningún avance en materia de horario e de conciliación da vida laboral e familiar, limitándose únicamente a trasladar á nosa resolución o horario de 35 horas semanais establecido na normativa xeral estatal.

SPJ-USO reitera escritos presentados, recibindo, entre outros:

- Solicitude de **ampliación do horario de verán do 1 de xuño ó 30 de setembro.**
- Solicitude de recuperación da **"BOLSA DE HORAS"**, e regulación da mesma.
- Solicitude de posibilidade de **desfrute dos días de Asuntos particulares "por horas"** de maneira similar a outras CCAA.
- Solicitude de que se nos conceda **un día a maiores de Asuntos particulares por festividades locales e autonómicas que coincidan en sábado**.
- Solicitude de **xornada reducida de semana santa e nadal**.
- Establecemento normativo ordinario do **prazo de desfrute de asuntos particulares e vacacións ata o 31-3 de cada ano.**
- Concesión de **día de descanso por gardas de dispoñibilidade**.
- Mantemento coa nova normativa horaria das 35 horas da "**media hora de cortesía"** que tiñamos por acordo de Mesa Sectorial Xunta/Sindicatos.

COMARCALIZACIÓN DAS SECCIÓNS DE VSM DE VIGO, PONTEVEDRA E LUGO.

Está case todo por decidir...

VSM EXCLUSIVO PONTEVEDRA: A sua creación é unha realidade. O Real Decreto xa foi publicado no BOE. Data de entrada en funcionamento: Xuño 2027.

COMARCALIZACIÓN: Non é oficial, non está publicado no BOE, hai unha proposta do Ministerio de Comarcalización (que incluiría Pontevedra, Cambados, Vilagarcía, Caldas, Marín, e tamén Lalín e A Estrada) á que a Xunta fixo alegacións propoñendo NON INCLUIR LALÍN E A ESTRADA.

A situación política invita a pensar que a comarcalización non será unha realidade próxima.

VSM ESCLUSIVO LUGO: A sua creación é unha realidade. O Real Decreto xa foi publicado no BOE. Data de entrada en funcionamento: Xuño 2027.

COMARCALIZACIÓN: Non é oficial, non está publicado no Boe, hai unha proposta do Ministerio de Comarcalización (que incluiría Lugo, Vilalba e Sarria).

A situación política invita a pensar que a comarcalización non será unha realidade próxima.

VSM DE VIGO E A CORUÑA: NON SE PREVÉ A SUA COMARCALIZACIÓN.

Respecto a creación de prazas de persoal funcionario para a posta en funcionamento destes órganos estamos a espera de propostas para negociar.

A CORUÑA: **Roberto** 617685531 – **José Zas** 678473760 FERROL: **Manu** 678514555 SANTIAGO: **Manuel Tejada** 654737422
LUGO: **Rodrigo** 605739886 OURENSE: **Fran** 660450226 – **Alberto** 657124727 PONTEVEDRA: **Nilo** 615496257
VIGO: **Julio** 600292730 - **Yoli** 655770994 – **Sol** 687939335 Mail spjusogalicia@gmail.com Blogue http://spjusogalicia.com

GARDAS DE 24 HORAS DO IMELGA – A PRESIÓN SINDICAL E DOS FORENSES LOGRA UN AVANCE "TARDIÓ E INCOMPLETO" dunha VELLA REIVINDICAICÓN. O DEREITO Ó DESCANSO E Á CONCILIACIÓN SÓLO SE NEGA EN GALICIA, ÚNICA CCAA SEN GARDAS DE 24 HORAS!!!

Tema a tratar na vindeira mesa do 24/11. Remitiremos alegacións por escrito.

SPJ-USO, logo de solicitar en múltiples ocasión dende fai moitos anos as gardas de 24 horas do Imelga (así como as dos Xulgados de Vigo e A Coruña) por unha cuestión de simple lóxica e sentido común, ven de **DENUNCIAR a escasez de Médicos Forenses en Galicia, problema que vai ir en aumento coas xubilacións que se aveciñan, debido a varios motivos, entre os que se encontran o desinterese da DXX neste colectivo, e a perda de retribucións que sofren estes traballadores en Galicia en relación co resto de territorios, entre outros, nas gardas.**

Ademais **SPJ-USO reiteriou escrito presentado solicitando a modificación da RPT, e a oferta de prazas a LD e Concurso específico**, que á súa vez poidan deixar desocupadas as prazas correspondentes e permitan a mobilidade do persoal, e que os novos aprobados poidan voltar.

Respecto ás gardas de 24 horas SPJ-USO PROPÓN E SOLICITA:

- **2 MÉDICOS FORENSES DE GARDA DE 24 HORAS EN TÓDALAS SUBDIRECCIÓNS DO IMELGA, EXCEPTO EN FERROL.** O anterior **baseándose na combinación dos criterios do Ministerio de 2019, en combinación coa extensión dos territorios das subdireccións que teñen menos de 12 médicos forenses**, como pode ser o exemplo de Pontevedra, que con 9 forenses abarca uns 3.170 km cadrados.
- **En Ferrol 1 Forense de garda de 24 horas (conta con 5 forenses).**

A proposta da DXX é totalmente RIDÍCULA, **sen informar de número de efectivos de gardas de 24 horas que propón, mais eso si, sólo se están plantexando as ditas gardas de momento en A Coruña e Vigo, e por "esixencias do guión",** debido a que están traballando en crear a unidade MIR en Galicia e deben cumplir uns requisitos mínimos nos que están traballando en conxunto co Sergas. Pasaron o orzamento correspondente. A pesar da insistencia de SPJ-USO a DXX non concretou a sua proposta para Vigo e A Coruña, onde en ningún caso poden ser menos de 2 Forenses de garda de 24 horas.

ROGOS E PREGUNTAS: CUESTIÓNS VARIAS

CONCURSO DE TRASLADOS: A pregunta de **SPJ-USO a DXX confirma que non lle foron solicitadas ata o momento as prazas do Concurso de Traslados** de corpos xerais por parte do Ministerio de Xustiza. Por outra banda, no día de hoxe **o Ministerio de Xustiza informa "estar traballando no concurso", pero din que non poden dar datas…..**

PRAZAS OFERTADAS EN GALICIA Á OEP 2023: SPJ-USO pediu explicacións á DXX sobre as prazas ofertadas ós aprobados da OEP 2023, dada a escasez de prazas nalgunhas provincias, ó que a DXX nos informa que **o criterio que se seguiu foi exclusivamente a ANTIGUIDADE DAS MESMAS, COMPUTÁNDOSE DENDE A DATA DA SÚA DESOCUPACIÓN**, o que vos trasladamos.



SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO. SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.
A CORUÑA: Roberto 617685531 – José Zas 678473760 FERROL: Manu 678514555 SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422
LUGO: Rodrigo 605739886 OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727 PONTEVEDRA: Nilo 615496257
VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335 Mail spjusogalicia@gmail.com Blogue http://spjusogalicia.com